



instituto de  
estudios das  
identidades

**11h Seitura.** 1-3 **VII** **[1]**

*Florderrei, Vilardevós.* Marzo 1981.

84

2) Por que meu paí e- va mor-to i o meu ma-ri- do vai na ghe-rra

3) cuan-to tu de-ras E- le-ña ai a quencho ai- qui trou-ghe- ra

4) De- ra ou- ro de-va pla- ta ai de- ra to do o que tu- ve- ra

5) cuan-to más de- ras, E- le-ña ai a quencho ai- qui trou-ghe- ra

8) Du-nha va- ca- da que te- ño ne- la a sco-ller ch'eu de- ra

Vilardevós II,1,394. Unha veciña.  
 L: 55a.

\*Transcripción orixinal de Dorothé Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudios das  
identidades

“¿Por qué non cantas, Elena,  
ai, á sombra de unha nogheira?”

“Porque meu pai era morto  
i o meu marido vai na gherra.”

“¿Cuánto tu deras, Elena,  
ai, a quen cho aíquí troughera?”

“Dera ouro, dera plata,  
ai dera, todo o que tuvera.”

“¿Cuánto más deras, Elena,  
ai, a quen cho aíquí troughera?”

“De tres carneiradas que teño  
ai, alá no alto da serra.

Esas tres carneiradas, Elena  
que andaban no alto da serra  
nelas a escoller che eu dera.”

“Esas carneiradas, Elena  
ai, tempo hai que miñas eran.”

“Dunha vacada que teño  
nela a escolller che eu dera.”

“Esa vacada, Elena,  
ai, tempo hai que miña i-era.”

“¿Cuánto más deras, Elena,  
ai, i-a quen cho eiquí troughera?”

“De tres hijas que tengo  
ai, nelas a escolller che eu dera.”

“Esas tres hijas, Elena,  
ai, tempo hai que miñas eran.”

“Si tu ere-lo meu marido  
ai, non me estías dando a gherra.”

I aquí se acabó la historia  
ai, daquela infeliz mujer.

I que hablando con su marido  
ai, no lo pudo conocer.